



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 3 DE FEBREIRO DE 2016**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. Belinda Bermúdez Otero e D. Víctor Marcial Miranda Gómez.

AUSENCIAS:

D. Jaime Eduardo de Olano Vela

INTERVENTORA:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL:

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día tres de febreiro de dous mil dezaseis, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DE ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS: 04/11/2015; 23/11/2015;
02/12/2015 E 15/12/2015.**

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para solicitar que se inclúa nos asistentes ao pleno de data 7-10-2015 ao Concelleiro D. Jaime Eduardo de Olano Vela.

2.- DACIÓN EN CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, dase por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

**3.- INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE
VALDEMIRÓS, PARROQUIA DE SAN PEDRO.**

Vista a proposta da Alcaldía de inicio do expediente de investigación de camiño no lugar de Valdemirós, parroquia de San Pedro, que literalmente di:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,



Resultando que neste Concello se presentou escrito por parte de D^a. María Josefa Sánchez Galdo,, no que se manifesta que ten constancia da existencia dun camiño en Valdemirós, parroquia de San Pedro, segundo consta nas súas escrituras de propiedade e no catastro, solicitando a inclusión do camiño no inventario de bens.

Tendo en conta que, segundo consta no informe emitido polo arquitecto redactor do Inventario de Bens na zona referenciada non se aprecia no Inventario de Bens Municipais camiño algún de titularidade municipal.

Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos particulares, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano compe-tente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.

Resultando que según establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación e antes de acordar a apertura do expediente, procederase a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da encargada do Departamento de Servizos Xurídicos do Concello en orde á apertura de dito expediente, e tendo en conta as dúbidas que se xeran dos datos sinalados sobre a existencia e titularidade do camiño enténdese que procede a incoación dun expediente de investiga-ción de oficio sobre a existencia do referido camiño.

O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.

O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por escrito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notifica-dos persoalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrirase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de dez días ós afectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime con-vinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.”

Esta Alcaldía, ten a ben presentar ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño referido no escrito de D^a. María Josefa Sánchez Galdo, no lugar de Valdemirós, parroquia de San Pedro.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:



Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño referido no escrito de D^a. María Josefa Sánchez Galdo, no lugar de Valdemirós, parroquia de San Pedro.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.

4.- INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE VILAR DE ABAIXO, PARROQUIA DE GALDO.

Vista a proposta da Alcaldía de inicio do expediente de investigación de camiño no lugar de Vilar de Abaixo, parroquia de Galdo, que literalmente di:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Resultando que neste Concello se presentou escrito por parte de D^a. María Jesús Vale López, no que se manifesta que ten constancia da existencia dun camiño na parroquia de Galdo, segundo consta nas súas escrituras de propiedade, solicitando a inclusión do camiño no inventario de bens.

Tendo en conta que, segundo consta no informe emitido polo arquitecto redactor do Inventario de Bens na zona referenciada non se aprecia no Inventario de Bens Municipais camiño algún de titularidade municipal.

Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos particulares, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano competente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.

Resultando que según establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación e antes de acordar a apertura do expediente, procederase a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da encargada do Departamento de Servizos Xurídicos do Concello en orde á apertura de dito expediente, e tendo en conta as dúbidas que se xeran dos datos sinalados sobre a existencia e titularidade do camiño enténdese que procede a incoación dun expediente de investigación de oficio sobre a existencia do referido camiño.

O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.

O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por escrito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notificados personalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrírase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de dez días ós afectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime convinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.”



Esta Alcaldía, ten a ben presentar ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño referido no escrito de D^a. Ma-ría Jesús Vale López, na parroquia de Galdo.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño referido no escrito de D^a. Ma-ría Jesús Vale López, na parroquia de Galdo.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.

5.- INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DUN TRAMO DO “CAMIÑO DA FABEGA”, QUE SAE Á ESTRADA DE LANDROVE-A PARRAGUESA.

Vista a proposta da Alcaldía de inicio do expediente de investigación dun tramo do “Camiño da Fabega”, que sae á estrada de Landrove-A Parraguesa, que literalmente di:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Resultando que neste Concello se presentou escrito por parte de D. José Ramón Crego Pardo, asinado por tres veciños da zona, no que se manifesta que ten constancia da existencia dun tramo do “Camiño da Fabega”, que sae á estrada Landrove-Parraguesa, segundo consta nas súas escrituras de propiedade, solicitando a inclusión do camiño no inventario de bens.

Tendo en conta que, segundo consta no informe emitido polo arquitecto redactor do Inventario de Bens na zona referenciada non se aprecia no Inventario de Bens Municipais camiño algún de titularidade municipal.

Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos



particula-res, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano compe-tente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.

Resultando que según establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación e antes de acordar a apertura do expediente, procederase a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da encargada do Departamento de Servizos Xurídicos do Concello en orde á apertura de dito expediente, e tendo en conta as dúbidas que se xeran dos datos sinalados sobre a existencia e titularidade do camiño enténdese que procede a incoación dun expediente de investiga-ción de oficio sobre a existencia do referido camiño.

O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.

O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por es-crito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notifica-dos persoalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrirase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de dez días ós efectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime con-vinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.

Esta Alcaldía, ten a ben presentar ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do “Camiño da Fabega”, referido no escrito de D. José Ramón Crego Pardo, no que se manifesta que une o “Camiño das Pedrosas” coa es-trada Landrove-Parraguesa,

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a pu-blicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o sustitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolu-ción do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanis-mo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a apro-bación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do “Camiño da Fabega”, referido no es-crito de D. José Ramón Crego Pardo, no que se manifesta que une o “Camiño das Pedrosas” coa estrada Landrove-Parraguesa,

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.



Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.

6.- MOCIÓN DO BNG PARA O NOMEAMENTO DA NOVA ZONA AXARDINADA DO RECÉN DERRUBADO EDIFICIO DA OPEL COMO “PARQUE DAS IRMANDADES DA FALA”.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que presenta esta moción para nomear o edificio da Opel, que procede a ler:

“MOCIÓN PARA O NOMEAMENTO DA NOVA ZONA AXARDINADA DO RECÉN DERRUBADO EDIFICIO DA OPEL COMO “PARQUE DAS IRMANDADES DA FALA”

O vindeiro 18 de maio cumpríranse 100 anos dende a creación das Irmandades da Fala. Ás Irmandades da Fala foron impulsadas polo viveirense Antón Vilar Ponte, e na súa primeira xuntanza o 18 de maio de 1916 foi nomeado ademais Primeiro Conselleiro. Tamén formou parte da súa creación o seu irmán Ramón Vilar Ponte. Esta organización nacionalista galega, mantivo a súa actividade entre os anos 1916 e 1931.

As Irmandades da Fala tiñan como obxectivo a exaltación, a defensa e o fomento da lingua galega. Buscaban a súa normalización nos usos administrativos, xurídicos, actividades socioeconómicas, na música, espazos de lecer e demais. A situación actual do Galego, con perda constante de falantes en favor do castelán, así como a restrición do seu uso en determinadas profesións e administracións, fan absolutamente vixente o pensamento e a pedagogía das Irmandades da Fala; e fai preciso o traballo conxunto da sociedade galega, para preservar o valor máis apreciado dun pobo, como é a súa lingua.

Tiñan ademais, unha nova forma de concibir o país, xa que por primeira vez na súa historia, unha organización nacida en Galicia decidirá apostar como eixo da súa definición a idea de “nacionalista”, situando a nación como centro de decisión e como suxeito fundamental do seu devir social, cultural e político.

As Irmandades da Fala crearon ademais o xornal en galego “A Nosa Terra”, realizaron cursos de galego, recitais, exposicións e diversas actividades culturais, nas 28 agrupacións que lograron formar en todo o País. Así mesmo defenderon a Galicia como nación, reclamaron a autonomía integral de Galicia e a cooficialidade do galego.

As Irmandades da Fala foron a organización fundamental na defensa do idioma e os dereitos políticos do país, a súa fundación foi un dos fitos da historia contemporánea de Galicia. Os Irmáns Antón e Ramón Vilar Ponte, precursores e impulsores da súa creación, foron nados en Viveiro, e por isto que o Concello de Viveiro debe neste ano 2016 deseñar un programa de actividades de recordo, posta en valor e homenaxe da actividade e acción das Irmandades da Fala, tal e como xa aprobamos neste pleno municipal de Viveiro.

É por isto, que o grupo municipal do BNG en Viveiro, propoñemos a realización de diversas accións de homenaxe ás Irmandades da Fala, durante o ano 2016.

Por iso solicitamos ao Pleno Municipal de Viveiro, a aprobación da seguinte MOCIÓN:

1. Nomear a zona axardinada de nova creación onde se atopaba o edificio da antiga Opel como “parque das irmandades da fala”



2.Solicitar á deputación de Lugo, a financiación dun monólito a colocar no propio parque en homenaxe ás irmandades da fala.

Facer coincidir a colocación da placa co novo nome do parque, co día 18 de maio, data de creación das irmandades da fala, coa celebración dun acto institucional de homenaxe ás irmandades da fala.”

Intervén a Concelleira de Cultura, Lara Fernández Fdez-Noriega, para dicir que esta iniciativa apoia e suma á programación que xa se está elaborando, e que todo o que poda colaborar nesta conmemoración tan importante benvido sexa.

Di que o centenario comezou en xaneiro e remata en decembro e se vai elaborar unha programación conmemorativa. O día 11 de febreiro está prevista unha reunión coa Academia Galega e estase esperando a facer pública a programación conmemorativa ata despois desa reunión por ese se programa algún acto conxunto. Manifesta que hai que cerrar un calendario moi axustado, que hai espazos moi solicitados e hai que facer un calendario moi minucioso para pechar as datas.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que tamén coinciden, pero que a proposta non debería saír de Bernardo, porque cren que hai que levar unha liña de actuación., de xeito que cando se vaia dar un nome a unha rúa se aborde previamente na Comisión de Cultura., reitera esta necesidade de abordalo previamente na Comisión de Cultura con consenso.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que non tería problema en facelo no punto terceiro, pero que no primeiro e o segundo non tería obxecto.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que propoñen este xeito de facelo, para ter consensuado un modo de actuación e non facelo distinto, para que en todo caso se estará ao que se ditamine no pleno. Di que a Comisión non impediría aprobalo.

Intervén en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que non sabían da iniciativa. Di que esperan que se informe ao resto dos partidos para colaborar, que se alegran de saber que se están a facer cousas.

Intervén a Concelleira de Cultura, Lara Fernández Fdez-Noriega, para dicir que dende Cultura, as portas están abertas a todas as propostas, que a cultura une e anima aos concelleiros a presentarlle as súas propostas. Manifesta que se está traballando, elaborando unha programación extensa e cunha boa presentación como se merece un centenario destas características.

Engade que se tan preocupados están polo centenario das Irmandades gustaríalle velos en algún acto cultural dos que se fan en Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que non ten problema en que se convoque a Comisión e que mantén a votación.

Intervén en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que quere que se invite ao resto dos partidos a facer aportacións, o cal non ten nada que ver coa súa presenza alí, que se trata de informar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se informou en varios plenos, que hai moitas cousas sen ter que facer unha comisión, que cando haxa unha programación se facilitará a todos os grupos.

Intervén a Concelleira de Cultura, Lara Fernández Fdez-Noriega, para dicir que non lle parece oportuno dar aquí un listado de actividades , que cando se elabore o programa pode facilitar as copias do mesmo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se dará un a cada portavoz.

Non existindo máis debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes a aprobación da moción do xeito que segue:

Primeiro. Nomear a zona axardinada de nova creación onde se atopaba o edificio da antiga Opel como “Parque das Irmandades da Fala”



Segundo. Solicitar á Deputación de Lugo, a financiación dun monólito a colocar no propio parque en homenaxe ás Irmandades da Fala. Facer coincidir a colocación da placa co novo nome do parque, co día 18 de maio, data de creación das Irmandades da Fala, coa celebración dun acto institucional de homenaxe ás Irmandades da Fala.

7.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO RELATIVA Á INSTANCIA AO GOBERNO MUNICIPAL PARA QUE DEA CONTA DAS ACTUACIÓNS E DO GRAO DE CUMPRIMENTO DAS PROPOSTAS PRESENTADAS AO PLENO.

Intervén en representación do grupo municipal de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para proceder á lectura da moción que literalmente di:

“Desde a entrada nesta Corporación, o grupo municipal SON VIVEIRO, presentoulle ao pleno, entre outras, as seguintes mocións:

- 1.-Elaboración dun Regulamento de Participación vecinal
- 2.-Petición de aplicación de políticas reais de axuda a refuxiados e refuxiadas
- 3.-Imposición dunha taxa pola instalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos edificios con acceso directo desde a vía pública.

E tamén os seguintes rogos:

- 1.-Suxeición dos colectores de lixo
- 2.-Limpeza de reixa na Rúa Doutor José Illade
- 3.-Inventario da pista onde se celebra a Feira das maulas
- 4.-Xuntanza coas Comunidades de Montes para acordar a participación das mesmas nas obras comunitarias
- 5.-Información sobre a reversión do Centro Comarcal A Mariña Occidental
- 6.-Arranxo das farolas públicas sen protección
- 7.-Actuacións urxentes no Camiño Vello
- 8.-Verificación dos vaos, zonas de carga e descarga e prazas de minusválidos e minusválidas

- 9.-Celebración en Viveiro do Centenario das Irmandades da Fala

Malia que moitas destas propostas foron estimadas, unha porcentaxe moi elevada permanece no caixón do esquecemento do goberno municipal.

Esta práctica de desbotar as suxestións presentadas pola oposición, incluíndo as que obtiveron a aprobación por unanimidade do Pleno, é unha mofa que impide a análise e o control da xestión municipal. O problema ven agrabado pola imposibilidade de efectuar unha valoración a través da web municipal máis alá das correspondentes actas do pleno publicadas con varios meses de demora, sendo inexistente a información sobre o grao de cumprimento tanto de cada unha de ditas propostas como das xestións que se están a levar a cabo para dita finalidade.

Por todo isto, co fin de reforzar a transparencia na xerencia municipal da que tanto se fai gala e agardando a aprobación do regulamento de Participación Veciñal proposto polo noso Grupo, que serviría para cumprir co dereito de información que lles corresponde ás e aos viveirenses, traemos á consideración do pleno a seguinte proposta de:

ACORDO

- 1.-Instar ao goberno Municipal para que, nun prazo máximo de quince días contados a partir da celebración do Pleno ordinario do mes de xaneiro, se lles remita aos Grupos Municipais da Oposición un informe no que se dea conta do grao de cumprimento das iniciativas presentadas no tempo do mandato que vai transcorrido.



2.-Tomar as medidas oportunas para que o devandito informe se faga público e o texto íntegro das propostas aprobadas en cada Pleno sexa publicado na páxina web municipal, actualizándose a información das xestións que se están a realizar.”

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicirlle ao Concelleiro de Son Viveiro, que no pouco tempo que leva decatouse como funciona este organismo. Di que as cousas de palacio van despacio e que a veces non van. Di que a veces traen rogos que se aprobaron hai 15 meses (asociacións deportivas, seguridade vial,)que se conseguiu o subministro de pozos de bombeo.

Manifesta que están dacordo con todo o que sexa transparencia do que fai o equipo de goberno e a oposición. Está dacordo con todo o que sexa render contas aos veciños. Di que se levan tres anos prometendo unha nova páxina web e aínda se segue coa vella.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que están dacordo con todas as medidas que camiñen á transparencia. Di que queren enmendar que lles parece un prazo escaso de tempo, 15 días. Manifesta que se vaian actualizando entres meses, por unha cuestión de tempos, que é imposible que a xente se adique a esto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que sempre lle parece ben, que é o seu deber presentar propostas e supervisar o goberno municipal .Manifesta a súa disconformidade con certas afirmacións de Son Viveiro, no pleno e na prensa.

Continua a súa intervención para mostrar total respecto a todos os veciños e a todos os representantes elixidos. Di que non se fai mofa (é totalmente falso), é unha falta de respecto. Engade que constantemente xorden imprevistos e moitas veces carecen de medios e hai que acudir a empresas externas, o que leva un tempo de tramitación.

Di que están obrigados a priorizar con mellor ou peor criterio, que non ten que ver con desestimar acordos, que en ocasións están a favor.

Di que se fan máis plenos dos que legalmente establece a lei, xa que se celebra un ordinario cada mes.

Di que as mocións levan unha tramitación, que algunha se tramite no concello, por exemplo a de funcionamento no pleno aprobouse recollela no Regulamento de Organización.

Un regulamento completo que necesita unha elaboración, é do propio concello, que se aprobou o 7 de outubro, fai 4 meses, que hai unha carga de traballo importante, que o invita a que veña un día.

Di que na enumeración de rogos que fan non están dacordo, que hai cousas que se fixeran como os contadores, limpouse a reixa cando se puido, púxose outro foco no Camiño Vello, arranxáronse derribos da choiva e reixas metálicas en Rego da Fonte e Rúa Grande, a taxea nas Pallaregas, un tubo para eliminar auga en San Pedro, o pozo de bombeo en Pontigo xa está funcionando.

Di que nos últimos dous meses se fixeron miles de metros de rego asfáltico: Subida ao Monte Faro, A Carreira en Covas, a pista de Foro en Escourido, toda a Rúa Granxas en Covas, a rúa Ortigueira en Covas, Santo Albites, a Baixada do Vilar a Porta da Lira en Pallaregas e queda pendente a reposición do Camiño da Trave.

Manifesta que quedan cousas por facer e vaise facendo o que se pode , debido ás limitacións económicas e de recursos humanos.Respóndelle ao PP para dicirlle que si se adiantou , se falou con Costas, non contestaron e enviaron dous escritos e está prevista unha reunión o xoves co Concelleiro de Obras .Di que non están dacordo coas formas que se fai por parte de SON Viveiro, non no senso de dar información que manifesta que por suposto a van ir dando.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para manifestar a súa alegría polo feito de que 21 meses despois se enviara o escrito a Costas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se enviou un mes despois do pleno, que esa información está por escrito, que a pode mirar.



Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que non a mirou.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o vai dar de palabra, e que non o diga antes de que lle conteste.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que non minte.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que lle vai dar datos da documentación que se enviou a Costas, que non se pode acusar antes de que se lle conteste.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que constata datos, que non acuso.

Intervén en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que acepta a enmenda que a cuestión é poñer prazo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o ven como unha cuestión de funcionamento. Di que a quince días é imposible, que sexa de maneira trimestral. Pide que o P.S.O.E. valore que cada tres meses se vaia contestando e informando por transparencia, xa que cada quince días hai outras cuestións máis importantes.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non pasa nada que conteste que o van facer, pero que a esta moción non van votar a favor por non estar dacordo coas formas manifestadas no pleno e na prensa, a pesares de que se deron os informes.

Non existindo máis debate procédese á votación, que transcorre do seguinte xeito: 8 votos a favor correspondentes aos 4 concelleiros do grupo do P.P, aos 3 do B.N.G e ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto e 8 votos en contra correspondentes ao grupo do PSOE.

Desempátase mediante o voto de calidade da Alcaldesa, desestimándose a moción.

Intervén para dicir que vai haber seguimento igual e se van entregar.

8.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO RELATIVA Á CREACIÓN DUN PASO DE PEÓNS

Intervén en representación do grupo municipal de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para proceder á lectura da moción que literalmente di:

“A Avenida Alfredo García Dóriga conta con dous pasos de peóns, un na confluencia coa Praza de Lugo, que a une coa Rúa Pastor Díaz, e outro na parte superior, entre a citada avenida e a rúa Alonso Pérez.

Entre tales pasos peonís, atópase un bloque de edificios que serve de rotonda, entre a Avenida Alfredo García Dóriga e a praza de Lannion, non existindo un paso de peóns que une a beirarrúa de enfrente coa citada edificación, sendo que nela están emprazados, ademais dos locais de tres organizacións sindicais, varios comercios, oficinas, o local social do “Seminario de Estudos Terra de Viveiro” amais de vivendas que teñen o seu acceso pola mencionada praza.

Por todo isto, propoñesmolle ao pleno o seguinte:

ACORDO

Efectuar un rebaixamento na beirarrúa, fronte ao xa exiente na outra marxe, que coincide aproximadamente co centro do devndito edificio, e proceder a pintar un paso de peónsque facilite o acceso ás citadas instalacións cun mínimo de seguridade.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que entende que o paso onde está é na entrada dos sindicatos, que interpretan que era fronte á clínica. Di que entenden que era fronte á clínica e que é moito para pouco tempo. Di que se van abster porque non saben exactamente onde era, porque entre a plaza de Lugo e Alonso Pérez, habería moitos máis cerca, hacia a fonte.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que a moción non é clara, que entende que sería fronte á entrada dos sindicatos, vindo da Fonte.



Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que se é aí está mal, porque é nun cruce. Di que entende que é saíndo do calexón, e que hai outro a 30 metros. Propón que o estudie a Policía Local, xa que no cruce di que é perigoso.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se estude.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que se estude.

Non existindo máis debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes a aprobación da moción, condicionada á realización dun estudo da Policía Local sobre a zona de ubicación do mesmo, do xeito que segue:

Primeiro. Efectuar un rebaixamento na beirarrúa, fronte ao xa exiente na outra marxe, que coincide aproximadamente co centro do devndito edificio, e proceder a pintar un paso de peóns que facilite o acceso ás citadas instalacións cun mínimo de seguridade.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que falou cos portavoces e que debido ao gran número de cuestións plantexadas, entregará por escrito as respostas ás seguintes preguntas:

- Preguntas formuladas polo Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro cos seguintes números de rexistro: 50,51 e 354
- Preguntas formuladas polo Grupo Municipal de SON Viveiro cos seguintes números de rexistro:109, 112,115, 118

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE VIVEIRO (CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 599)

D. Antonio J. Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación as seguintes pregunta sobre as que desexa obter no próximo Pleno, a Correspondentes resposta, ben sexa oral ou por escrito:

No Pleno do 2 de outubro de 2014, aprobábase, por unanimidade, unha moción presentada polo noso grupo para a creación dunha comisión que estudiase a adopción de medidas para a mellora da seguridade vial, poñendo especial enfase nas zonas escolares. Acordábase solicitar un informe da Policía Local ó respecto e mesmo consultar coa COTOP posible medidas a adoptar nas beirarrúas.

Sete meses máis tarde e ante o incumprimento deste acordo por parte do equipo de goberno socialista, o noso grupo presentaba un ROGO no Pleno de maio de 2015 instando o cumprimento obrigado deste acordo plenario.

Transcurridos xa, dende a aprobación inicial do acordo máis de 15 meses, e visto que non se cumpriu co acordado cando é de obrigado cumprimento, e dado que nestas últimas datas se produciron dous atropelos graves na nosa cidade, dende o PP pensamos que é máis necesario ca nunca levar adiante todo o aprobado na nosa moción, motivo polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

1. Está elaborado xa o informe ó respecto por parte da Policía Local?.
2. Púxose en contacto coa COTOP para recabar información sobre as posibles medidas de seguridade a adoptar nas beirarrúas?.
3. Ten pensado crear a comisión tal e como se aprobou por unimidade ou eremos que esperar outro ano e medio?.
4. En caso afirmativo, cando pensa facelo?.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a seguridade vial é fundamental, quere aclarar que ningún destes atropelos foi en zona escolar, que a policía local xa informou das medidas necesarias na zona da Misericordia. Di que ao ser unha estrada autonómica, debe emitirse informe. Di que xa se colocaron sinais que advirten de que é zona escolar. Di que o responsable de obras contactou coa COTOP onde lles respostaron que non había nada para protexer as beirarrúas, salvo en casos extraordinarios onde poden realizarse actuacións como a construción dun muro, polo que xa se está traballando neste asunto.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 631)

D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación a seguinte PREGUNTA sobre as que desexa obter no próximo pleno, a correspondente resposta, ben sexa oral ou por escrito:

No Pleno do 3/4/2014 o noso Grupo Municipal presentou unha moción solicitando a Costas a cesión dunha parcela aledaña ó Paseo do Landro na zona de Castelo en Magazos para a construción dunha instalación para garda de material náutico-deportivo. Dita moción foi aprobada por unanimidade, así como se facultou á Alcaldesa para que realizase todos os trámites necesarios para conseguir a mencionada cesión.

Vinte e un meses despois, descoñecemos si se fixo algunha xestión ó respecto ou si existe algún tipo de impedimento para levar a cabo dita instalación.

Por isto lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

- Fixéronse os trámites coa Xefatura de Costas de Lugo para a súa cesión ó Concello?.
- Solicitouse á Xefatura de Costas de Lugo a construción desta instalación?.

Di que se puxeron en contacto con Costas, xa ao saír do pleno, que xa o pedira un particular para o seu fillo cunha minusvalía.

Di que o xefe de Costas vai abordar o tema na próxima visita.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que pediría en estudo, porque agora non hai ninguén que a necesite para remar, porque a persoa que o necesitaba xa non rema.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que o piragüismo se practica igual e que haberá xente que queira facer uso deles.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que foi para unha persoa que o necesitaba, pero que é mellor preguntar ao clube de piragüismo.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 637)

1.- No pleno de novembro, realizábase a seguinte pregunta que novamente reiteramos: A Rúa Alonso Pérez, á súa chegada a Verxeles está novamente chea de fochancas, cando ten previsto o goberno municipal proceder á súa reparación?

2.- O refuxio de animais de San Roque, non cumpre coas condicións de hixiene e salubridade apropiadas para a recollida de animais. Son numerosas as veciños e veciñas de Viveiro preocupadas por esta situación e que estarían dispostas á creación dunha asociación Protectora de Animais a fin de xestionar unhas instalacións axeitadas.

3.- Nun pleno do pasado mandato, aprobouse considerar a Viveiro libre de circos de animais. No mercado renacentista son numerosos os animais que desfilan e forman parte das diversas actividades. ¿Considera o Concello manter este tipo de actuacións no mercado do ano 2016?



Intervén a Sra. Alcaldesa para respostar referente á primeira pregunta que as choivas xeraron fochancas e no Camiño Vello cando houbo posibilidade tapáronse.

Referente á segunda pregunta responde que o refuxio de San Roque, non compre as esixencias da Xunta de Galicia e que se vai mellorar. Manifesta que é unha problemática importante é que se está mirando para asinar un convenio coa protectora.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que con el se puxeron en contacto varias persoas para crear unha protectora en Viveiro. Afirmo que se é posible facer a reparación, estarían dispostos a crear a protectora e insta a que as instalacións cumpran.

Intervén en representación do Grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal, para dicir que a experiencia que teñen con este tema é negativa e frustrante. Di que no seu momento houbo xente que se iba encargar dos animais, que houbo uns cans roubados que meteron en dependencias municipais.

Di que coa problemática que hai agora, 20 cans en xaneiro, se necesitan persoas, terreos e outros locais e aínda así estaríase a expensas dunha denuncia. Di que é imposible atopar unhas instalacións como pide a Xunta. Di que cre que é mellor acudir ás instalacións como a que hai en Xermade que o que oferta é lóxico.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que hai outros casos nos que se ceden as instalacións para persoas que buscan financiación para comida, buscan casa para estes animais. Que este sería un paso intermedio.

Intervén en representación do Grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal, para dicir que pode haber vontade, pero que se no Concello hai xente que denuncia en calquera momento, o que pide a Xunta é un hotel de cinco estrelas, xa que non hai ningún terreo municipal con esa superficie. Di que hai que ter unha saída para os cans que levan aquí bastante tempo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non hai problema en falar con esa xente.

Intervén en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que se lle podía esixir ese servizo á Mancomunidade.

En resposta á terceira pregunta intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que con esa moción este Concello acordou declararse contrario á exhibición de animais salvaxes e que nas últimas edicións non se vulnerou ese acordo. Se nalgún momento se detecta algún problema deste tipo adoptaranse as medidas oportunas.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL SON VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 110)

En Verxeles, con motivo das modificacións feitas no novo Plan de Tráfico, varias veciñas e veciños notificáronnos a existencia dalgunhas zonas de perigo para a seguridade vial existentes na incorporación á estrada principal desde a rúa Dr. José Ifiade -que baixa desde o antigo Camiño Real. entre o edificio Verxeles e ALCO. Se o estacionamento de vehículos altos na zona de carga e descarga fronte á floraría e no muro situado na marxe clereita. que dificultan a divisibilidade no caso de que algunha persoa se dispoña a cruzar polo paso de peóns alí situado.

Por isto:

Solicitamos que se estude por parte do persoal técnico competente a viabilidade de levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Colocar un espello onde xa existía, ou sexa, fronte á saída da citada rúa para facilitar a incorporación á estrada
2. Cambiar de emprazamento a zona de carga e descarga posto que os vehículos de mercadorías. debido á súa altura, impiden a visibilidade no cruzamento.



3. Trasladar o paso de peóns cara á ponte do tren. por estar na actualidade moi próximo á curva
 4. Habilitar un paso de peóns que facilite o acceso á fonte de Verxeles desde a beirarrúa que chega á estación de FEVE
 5. Instalar, na especie de rotonda alí construída, algún elemento, relacionado co ferrocarril ou cos moitos muiños existentes na zona
 6. Iluminar debidamente a zona. na actualidade claramente deficiente
 7. Identificar coa correspondente placa a rúa Dr. Jose Illade, nome dado á mesma no Pleno do día 22 de setembro de 2007 a proposta do ex concelleiro D. Orlando Expósito Mariño.
- Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que da Policía estudiará o rogo e estase pendente do informe, pero parece viable a colocación do espello. Respecto ao segundo punto di que non solucionaríaa a visibilidade, pois estacionarían .
- Referente ao terceiro punto di que non é posible o traslado do paso de peóns porque a normativa impide a ubicación de pasos de peóns nas inmediacións de glorietas e pontes.
- Referente ao cuarto punto di que si é posible pero habería que afastalo da pequena rotonda existente.
- Respecto ao resto dos puntos di que serán tidos en conta de cara a actuacións futuras.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL SON VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 111)

Desde SON VIVEIRO, queremos facer chegar unhas demandas de varias usuarias e usuarios dos parques infantís do paseo marítimo en Viveiro e do Parquemar en Cantarrana, habilitados con bambáns, tobogáns, casañas, camiós, estruturas e outros xogos pero carentes, da iluminación axeitada.

No Parquemar, arredor dos columpios, cando chove un pouco tamén se forma un barrizal e a cancha deportiva está chea de fochancas. Por iso, Solicita:

A colocación de novos puntos de luz, o Parquemar, aínda que son moi potentes, só posúe dous) e a colocación no de Viveiro -ou a substitución das luminarias actuais por outras de máis intensidade- así como a instalación de máis papeleiras, o de Viveiro só conta con unha na actualidade.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que se mirara e intentará dar solución se, é o caso, e que ela está dacordo en que está escuro.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL SON VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 113)

Na estrada Magazos-0 Sisto, no burgo de Portochao -Galdo-, tivo lugar recentemente outro pequeno accidente entre dous vehículos. A pesar de contar cunha limitación de velocidade a 30 km/hora, debido á existencia dunha zona moi estreita entre dúas vivendas cdebe considerarse un punto perigoso que ademais se produce unha difícil convivencia entre viandantes e certos condutores ou condutoras rebeldes.

Polo que solicita:

Que, por parte do Goberno Municipal, se leven a cabo as xestións oportunas diante, da Deputación de Lugo, titular da citada vía, para que se torne algún tipo de medida disuasoria co gallo de evitar as reiteradas situacións de risco; por exemplo, a instalación de resaltes na estrada e aumento de control policial na zona.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que se entende que é cuestión de civismo e que se solicitará á Deputación a instalación dalgunha medida física disuasoria.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL SON VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 117)



O pasado día cinco de xaneiro, a Prensa da nosa comarca facíase eco dunha nova nestes termos: “La junta general de la Comunidad de Montes en Mano Común de Galdo, el pasado 27 de junio acordó por unanimidad donar a la parroquia la campana nueva, que costó 10.381,80 euros”.

O comunicado non tería maior interese de non ser que no mes de agosto do pasado ano, o noso Grupo rexistrou unha Pregunta dirixida a esta Alcaldía interesándonos pola escasísima colaboración que a directiva da Comunidade de Montes desta parroquia destina a obras: a suma dos investimentos, en canto a este apartado se refire, foi de 266 e 393,25 € nos exercicios 2013 e 2014, respectivamente.

Desde o ano 1989 ao 2003 estivo vixente un convenio polo que tanto as Comunidades de Montes como este Concello achegaban as obras de cada parroquia o 50% do custo das mesmas; nese convenio, estaban incluídos o arranxo e limpeza de pistas, cemiterios, fontes, etc., ata chegar á situación actual, na que son o Concello e outras administracións quen afrontan a totalidade dos custos destas actuacións, mentras estes colectivos desvían os seus orzamentos, como é no caso que nos ocupa, a actuacións de carácter privado.

No seu programa electoral o PSOE, de Viveiro manifestaba, no tocante a Obras e Infraestruturas, : “Continuaremos cos acordos e convenios coas Asociacións de Montes, para a realización de obras de mellora para cada parroquia.”

A realidade é ben distinta: nin se mantiveron as reunións prometidas pola Sra. Alcaldesa, en contestación á nosa pregunta, nin se está adicando a atención que as distintas parroquias demandan, Chega con ver a escasísima partida de 125.000 euros do Presuposto municipal destinada a pavimentación, mantemento e conservación de vías públicas.

Tampouco se deseña un Plan plurianual en colaboración con outras administracións, para acometer obras que permitan o acceso á traída de agua e saneamento municipais aos moitos veciñas e veciños que, en pleno século XXI, continúan a carecer de tan elementais servizos, nin se tivo en conta, para a confección dos Orzamentos recentemente aprobados, as distintas asociacións veciñais, das que as Comunidades de Montes son unha parte moi importante.

Por todo isto solicitamos da Alcaldía o cumprimento do prometido e a promoción das xuntanzas anunciadas con este colectivos na busca de convenios ou acordos que corrixan o actual desfase que existe entre as aportacións efectuadas ás comisións de festas, tanto por parte deste goberno como das comunidades de montes, e as obras de primeira necesidade que no rural demanda a veciñanza, para corrixir o desequilibrio entre a cidade e o rural nas partidas destinadas por parte desta administración.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non é certo que non houbera reunións, que o concelleiro Cal se reuniu varias veces, aínda que non houbera reunións con todos os portavoces.

Di que é lamentable o que din, que nos últimos meses se executaron miles de metros de rego asfáltico, así como ducias de vías. Engade que no 2003 se derogou o convenio e que as Comisións de Montes son autónomas e o Concello pode fomentar a relación con elas, pero tampouco moito máis.

10.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. VÍCTOR MARCIAL MIRANDA GÓMEZ.

Por parte da Alcaldesa, D^a. María Loureiro García expónse a renuncia presentada polo Concelleiro D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación.

Intervén en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que o candidato seguinte da lista do seu grupo era D^a. María José Basanta Fanego, que presenta a súa renuncia, sendo o seguinte da lista D. Mariano Quintela Pérez, que tamén presenta a súa renuncia, sendo o seguinte da lista D. Marcos Besada Álvarez.



Manifesta tamén o seu agradecemento por esta experiencia que o pobo de Viveiro lle permitiu, depositando nel a súa confianza. Mostra tamén a súa gratitude aos seus compañeiros e a toda a Corporación Municipal a pesares das discrepancias.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación da toma en consideración polo Pleno da Corporación da renuncia presentada, ós efectos previstos na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para a remisión deste acordo á Xunta Electoral Central a efectos de expedición da oportuna credencial a favor de D. Marcos Besada López, unha vez se corrobore a presentación das correspondentes renuncias dos anteriores da lista ante a Secretaria Municipal, acordándose por unanimidade tomar consideración da renuncia presentada polo concelleiro D. Víctor Marcial Miranda Gómez.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22.00 horas do día 3 de febreiro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A SECRETARIA,